

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE NOVEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de sanidade mortuoria de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Neda para a execución das obras de mellora no sistema de saneamento e depuración no concello de Neda, clave OH.315.999, por importe de cincocentos corenta mil cincuenta e catro euros con noventa e dous céntimos (540.054,92 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilamartín de Valdeorras para a execución das obras de mellora da captación de auga en Vilamartín de Valdeorras (Ourense), clave OH.232.795, por importe de douscentos catorce mil douscentos cinco euros con corenta e oito céntimos (214.205,48 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación co programa de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014, por un importe total de seis millóns douscentos setenta e nove mil euros (6.279.000,00 euros).



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela, para o asesoramento científico-técnico na adaptación, intervención e seguemento audiolóxico-protésico de calidade para o Programa galego de detección da xordeira en período neonatal, por un importe de trescentos sesenta e tres mil euros (363.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de tres millóns novecentos setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con noventa e dous céntimos (3.979.799,92 euros).
- Acordo polo que se autoriza a contratación pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe total de cento vinte e un millóns seiscentos cincuenta e dous mil euros (121.652.000,00 euros) e un valor estimado de cento noventa e sete millóns seiscentos oitenta e catro mil cincocentos euros (197.684.500,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia. Novembro de 2014.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o balance do Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, Horizonte 2020.
- Informe sobre a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.



O DECRETO DE SANIDADE MORTUORIA PERMITE REGULARIZAR OS CEMITERIOS PREVIOS Á NORMATIVA ACTUAL

- ***Tamén regula a clasificación dos cadáveres en función do seu risco para a saúde e as prácticas e destinos posibles destes co fin de protexer a saúde pública e o ambiente***
- ***Elimínase a distinción entre cemiterios parroquiais, confesionais e particulares, entendendo que o determinante para efectos sanitarios é o uso da instalación e as condicións que debe cumprir***

O Consello da Xunta aprobou o Decreto de sanidade mortuoria de Galicia. Este novo decreto ten como finalidade establecer a clasificación dos cadáveres en función do seu risco para a saúde, o cal depende da causa da defunción, así como as prácticas e destinos finais posibles destes co fin de protexer a saúde pública e o ambiente.

Establece, igualmente, unhas normas xerais en canto ás técnicas admitidas para a conservación de cadáveres e os requisitos das técnicas de tanatopraxia, tanatoestética e tanatoplastia, así como as características das empresas funerarias e as normas mínimas que deben cumprir os distintos establecementos (tanatorios, velatorios, crematorios) e os cemiterios.

Regulación de cemiterios novos e preexistentes

Entre os requisitos que establece a normativa para os cemiterios novos destaca que deberán contar cun osario xeral destinado a recoller os restos procedentes das exhumacións de restos cadavéricos; un forno incinerador (non preciso cando se conte cun xestor autorizado); instalación de auga apta para o consumo humano e servizos hixiénicos. Tamén un sector destinado a depositar as cinzas procedentes das incineracións ou un columbario, e un peche perimetral que garanta a seguridade.

Entre os puntos destacados desta normativa cómpre sinalar que se habilita a posibilidade dunha vía para a regularización dun gran número de cemiterios existentes que non tivesen solicitado ou concedido a correspondente autorización sanitaria, para o que deberán cumprir unha serie de requisitos mínimos.

Os titulares dos cemiterios preexistentes sen autorización sanitaria que desexen regularizar a súa situación, poderán obtela acolléndose a un procedemento extraordinario, en que deberán constatar os seguintes datos: instancia da entidade propietaria (nos cemiterios municipais a instancia será substituída pola certificación de acordo polo órgano competente); lugar de localización, superficie e capacidade; instalacións, dependencias e tipos de enterramento; declaración da antigüidade estimada do cemiterio segundo os documentos dispoñibles; e identificación de bens



protexidos do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia e os seus contornos, se é o caso, e informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Simplificación de trámites

Parte das modificacións introducidas neste novo decreto permiten adecuar a normativa autonómica en materia de policía sanitaria mortuoria aos cambios que se produciron na prestación de servizos como consecuencia da Directiva 206/123/CE e as normas de transposición ao dereito estatal e autonómico. Neste senso, simplifícanse os trámites das empresas funerarias en aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

En consecuencia, as entidades de servizos funerarios xa non precisarán de licenza municipal de actividade nin autorización sanitaria previa, senón que, simplemente, deberán presentar unha comunicación previa no concello, así como unha declaración responsable ante a xefatura territorial de Sanidade correspondente para comezar a desenvolver a súa actividade. Neste eido, as empresas que xa estean legalmente establecidas noutro lugar do territorio nacional, presentarán unha declaración responsable unicamente cando teñan establecementos na Comunidade Autónoma, a fin de realizar as correspondentes inspeccións.

No referente ao transporte de cadáveres e restos cadavéricos, calquera facultativo que preste atención en domicilio poderá emitir un parte de asistencia no cal deixe constancia de que a persoa faleceu -constancia documental do falecemento- sempre que non concorran circunstancias que comporten ou exixan a intervención xudicial, ou que se trate de cadáveres que requiran un manexo especial. Isto facilitará o transporte do cadáver ao tempo que se manteñen uns requisitos mínimos que garantan a protección da saúde da poboación en caso de situacións de risco.

Xunto a todo o anteriormente sinalado, elimínase a distinción entre cemiterios parroquiais, confesionais e particulares, entendendo que o determinante para efectos sanitarios é o uso da instalación e as condicións que debe cumprir.

Así mesmo, os concellos, como entidades máis próximas á cidadanía, poderán establecer nas súas ordenanzas e instrumentos de planeamento un perímetro maior dos 50 metros de ancho que establece a normativa como zona de protección. Ao mesmo tempo, o papel da Administración autonómica queda limitado á realización de informes e comprobacións de cumprimento da normativa sanitaria.



A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 540.000 EUROS PARA A EXECUCIÓN DE MELLORAS NA DEPURADORA E NA REDE DE COLECTORES DO CONCELLO DE NEDA

- ***Na depuradora executaranse optimizacións no sistema de pretratamento co fin de solucionar as súas carencias, instalando unha planta compacta que inclúe cribado de grosos, transporte de residuos sólidos ou desareado por decantación***
- ***O proxecto prevé a renovación de colectores, evitando así a produción de augas brancas que se infiltran na rede e que proceden de mananciais e regatos***
- ***Con estas accións, un total de 4.757 veciños de Neda veranse beneficiados por uns servizos máis axeitados ás súas necesidades, mellorando a súa calidade de vida***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Neda para a execución de melloras no sistema de saneamento e depuración deste municipio.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe de máis de 540.000 euros para a execución das actuacións hidráulicas. A Xunta financia o 100 % destas obras co fin de dotar este concello daquelas infraestruturas das que carece, fomentando así o seu desenvolvemento económico e social.

Este proxecto comprende a execución dos traballos necesarios para solucionar os problemas de funcionamento da estación depuradora de augas residuais (EDAR) e da rede de colectores do concello de Neda. Estas obras beneficiarán a 4.757 habitantes deste municipio coruñés.

Na actualidade o sistema de saneamento de Neda presenta problemas de infiltracións na rede de colectores da zona rural, incompatibilidade do bombeo da estación de ferrocarril cun adecuado funcionamento da EDAR e incorrecta actividade do decantador secundario da depuradora.

Para resolver as citadas problemáticas no sistema de saneamento, levarase a cabo a renovación de colectores, evitando así a produción de augas brancas que se infiltran na rede e que proceden de mananciais e regatos.

O proxecto tamén recolle actuacións no bombeo da estación de ferrocarril, adecuando o seu réxime de funcionamento tanto á poboación servida como a un mecanismo compatible co bombeo de cabeza da planta. Para isto, dotarase este sistema de variadores de frecuencia que permitan axustar os caudais bombeados a valores próximos aos 50 m³/h.



Na depuradora executaranse optimizacións no sistema de pretratamento co fin de solucionar as súas carencias. Substituirase o pretratamento existente por unha planta compacta que inclúe cribado de grosos, transporte e compactación de residuos sólidos, desareado por decantación e desengraxado por flotación. Ademais, procederase á realización de melloras no decantador secundario, adaptando o comportamento deste equipamento a valores de funcionamento axeitados, instalando un módulo de 8,50 metros de longo, 2 metros de ancho e 1 metro de alto



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 214.000 EUROS PARA MELLORAR A CAPTACIÓN DE AUGA NO CONCELLO OURENSÁN DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

- ***O Consello da Xunta acordou o financiamento, a través de Augas de Galicia, das obras necesarias para renovar o servizo de abastecemento neste concello de case 2.000 habitantes***
- ***Os traballos teñen un período de execución de catro meses e buscarán solventar as deficiencias do sistema de captación actual***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financeira do Goberno galego co concello de Vilamartín de Valdeorras para a execución da obra de mellora da captación de auga desta vila ourensá, cun investimento de algo máis de 214.000 de euros. As obras terán unha duración de catro meses.

As obras supoñen a execución das actuacións necesarias para renovar o servizo de abastecemento deste concello, que ten unha poboación de preto de 2.000 habitantes. Actualmente, o núcleo de Vilamartín abastécese dunha captación formada por un azude existente nun afluyente do río Leira, que se atopa nun deficiente estado de conservación e é practicamente inaccesible, o que complica o seu mantemento. Por outra banda, unha parte da traída é de fibrocemento de 200 milímetros, moi antiga e presenta continuas roturas.

As obras previstas comezarán pola limpeza da zona do azude, a substitución do cestón de grosos por unhas reixas de desbaste finas e unha malla, e dende este punto instalarase un pequeno tramo de conducción. Así mesmo, executarase unha conducción de PVC cunha lonxitude total de 1859 metros, coa valvulería necesaria.

Unha vez estudada a petición do concello de Vilamartín de Valdeorras e examinada a súa situación económico-financeira, a Xunta acordou aprobar a colaboración técnico-financeira das obras e sufragar o 100 destas con cargo aos orzamentos de Augas de Galicia.

Pola súa banda, o Concello de Vilamartín de Valdeorras asume o compromiso de facerse cargo da explotación e mantemento das instalacións unha vez executadas e recibidas as obras.



EDUCACIÓN REFORZA A APOSTA POLA UNIVERSIDADE E CONVOCA 94 AXUDAS PREDOUTORAIS CUNHA CONTÍA DE ATA 23.500 EUROS POR INVESTIGADOR, A MÁIS ALTA DA HISTORIA DESDE QUE EXISTEN ESTES CONTRATOS

- ***Os soldos dos investigadores contratados aumentan entre un 7 e un 8 por cento segundo as modalidades, con respecto ao ano pasado***
- ***Por primeira vez nesta cuarta convocatoria a Consellería asume o financiamento íntegro da retribución anual dos contratados, xa que ata o de agora as universidades achegaban un 20 por cento***
- ***Tamén se incrementa nun cen por cento o complemento que se lles dá ás universidades para cubrir os gastos asociados á contratación, ao pasar de 500 a 1.000 euros por beneficiario e ano***
- ***A achega total que realiza o departamento educativo da Xunta ascende a 6,3 millóns de euros***
- ***Faise unha aposta decidida polos campus internacionais de excelencia, xa que máis do 25 por cento das prazas se destinan a liñas estratéxicas integradas neles***
- ***Valoráranse de xeito especial aqueles proxectos orientados á Estratexia de especialización intelixente RIS3 para a captación de fondos europeos no período 2014-2020***
- ***Os contratos desenvolveranse a partir do 1 de abril de 2015 e serán dun ano prorrogables ata tres***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca as axudas do Programa de apoio predoutoral 2014, pola que financiarán integramente un total de 94 contratos cunha contía de ata 23.500 euros por investigador, a máis alta da historia de Galicia desde que se existe este tipo de convocatoria. Para tal fin, o departamento que dirixe Xesús Vázquez Abad achegará un total de 6,3 millóns de euros, cuxo gasto foi autorizado polo Consello da Xunta na súa reunión de hoxe. Cómpre salientar que este tipo de axudas garanten continuidade e estabilidade aos investigadores das universidades no Sistema universitario de Galicia (SUG)

O Programa de apoio á etapa predoutoral enmárcase dentro do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C), e presta especial atención aos sectores estratéxicos en que Galicia posúe contrastada potencialidade, xa que o 25 por cento das prazas convocadas se destinan a liñas estratéxicas integradas nos campus internacionais de excelencia, o Campus Vida de Santiago e o Campus do Mar de Vigo. De feito, valoráranse de xeito especial aqueles proxectos orientados á Estratexia de especialización intelixente RIS3 para a captación de fondos europeos no período 2014-2020



No período 2011-2014 convocáronse un total de 387 prazas de contratos predoutorais con tres anos de duración e cun investimento por parte de Educación de máis de 23,5 millóns de euros. Isto supón unha gran vantaxe comparativa respecto das 234 prazas - cun contrato de dous anos e seis meses de duración- convocadas en época de bonanza, no período 2007-2009.

Contías e modalidades

A convocatoria hoxe aprobada establece tres modalidades. Unha primeira xeral, con axudas enfocadas a todas as ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñerías e Arquitectura, Ciencias e Saúde. Para esta modalidade convócanse un total de 70 axudas por un importe máximo de 20.500 euros por alumno e ano (a contía do ano pasado foi de 19.000 euros). É dicir, neste caso increméntase en case un 8 por cento a retribución dos contratados con respecto ao ano pasado.

As outras dúas modalidades están enfocadas a aqueles proxectos que apostan pola excelencia nos procesos de investigación como se vén demostrando cos recoñecementos do Campus Vida, liderado pola Universidade de Santiago, e do Campus do Mar, liderado pola Universidade de Vigo, como campus de excelencia internacional. Deste xeito, convócanse 12 axudas específicas de apoio á etapa predoutoral no ámbito do Campus Vida e outras 12 para o Campus do Mar, dotadas cada unha delas cun importe de 23.500 euros por contrato e ano, é dicir, que os beneficiarios recibirán 1.500 euros máis que na última convocatoria de 2013 (cuxa contía foi de 22.000 euros). Por tanto, os investigadores destas modalidades recibirán case un 7 por cento máis de soldo neste ano en comparación con 2013.

Os contratos desenvolveranse a partir do 1 de abril de 2015 e terán unha duración dun ano prorrogable ata un máximo de tres.

Incrementos económicos e requisitos

No que atinxe ao eido estritamente económico, ademais do incremento das contías por persoa e ano, por primeira vez a Consellería asume o financiamento íntegro deste programa. Hai que lembrar que ata o de agora as universidades achegaban un 20 por cento da contía nas modalidades B e C, é dicir, nas dos campus de excelencia. Así mesmo, nesta convocatoria increméntase nun cen por cento o complemento que se lles achega ás universidades para cubrir os gastos asociados á contratación, xa que pasa dos 500 euros por persoa e ano a 1.000 euros por persoa e ano.

Xunta coas melloras económicas, nesta cuarta convocatoria a Consellería, atendendo a unha demanda das propias universidades, incorporou outros cambios como unha reprogramación temporal de xeito que entre a convocatoria estatal e a autonómica se



garante o maior número de contratos posible, e a exigencia de estar matriculado nun programa oficial de doutoramento do SUG.

Poderán solicitar estas axudas, co visto e prace da súa universidade, as tituladas e os titulados superiores que se vaian formar como doutores nas universidades do SUG. Os seleccionados quedarán vinculados á universidade onde desenvolvan a súa actividade a través dun contrato de traballo en prácticas ou dun contrato laboral. No que atinxe aos requisitos exixidos, consonte a actual normativa académica estatal, agora non é imprescindible estar en posesión dun máster para acceder a unha axuda predoutoral, pero si que se valorará como mérito.

Con este tipo de iniciativas, o departamento que dirixe Xesús Vázquez Abad fomenta que as universidades do Sistema universitario de Galicia contraten titulados e tituladas superiores para a súa formación como doutores nos seus centros. A contratación deste persoal nas etapas iniciais é de gran relevancia para lograr que o sistema acade unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación comparable a outros países europeos. Cómpre salientar que esta fase constitúe a base para que mediante a execución dun proxecto de investigacións se adquiran as habilidades propias do persoal investigador.



SANIDADE E A USC RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN NO PRÉSTAMO DE PRÓTESES AUDITIVAS PARA O PROGRAMA DE DETECCIÓN DA XORDEIRA EN PERIODO NEONATAL

- *A iniciativa ten por obxectivo mellorar a capacidade de comunicación dos nenos nados con hipoacusia para equiparalos aos normoíntes*
- *62 nenos diagnosticados polo programa están sendo beneficiados xa por este sistema*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o asesoramento científico-técnico na adaptación, intervención e seguimento audiolóxico-protésico de calidade para o Programa galego de detección da xordeira en período neonatal.

Esta iniciativa, que naceu no ano 2002, está implantada en todos os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde e nas maternidades privadas da Comunidade Autónoma, ás cales se lles facilita a tecnoloxía, formación e asesoramento necesarios a cambio dos cales o programa se executa de forma gratuíta nelas cumpríndose os protocolos e rexistros establecidos nas súas guías.

O acordo autorizado hoxe é o segundo que se asinará con este obxectivo entre a Xunta de Galicia e a USC, xa que o primeiro foi asinado en 2012. A través del mantense o mecanismo de préstamo das próteses auditivas que garante o acceso de todos os nenos con asistencia no Servizo Galego de Saúde á prótese máis adecuada, ademais de asegurar a súa mellor adaptación e seguimento dos progresos do rapaz.

Ademais, contribuirá a que os pais teñan un referente claro para o tratamento audiolóxico do seu fillo coa seguridade de estar facendo o mellor para o seu desenvolvemento cognitivo e a súa capacidade de comunicación e integración.

A data de hoxe, 62 cativos diagnosticados polo programa están sendo beneficiados por este acordo de colaboración, o que significa que accederon de xeito gratuíta aos audífonos que precisaban e se lles garantiu a súa correcta adaptación e seguimento para obter o máximo beneficio que pode achegarlles o feito de ter participado no programa. A Consellería de Sanidade destinará un total de 363.000 euros a este proxecto entre os anos 2014 e 2018.

Diagnóstico precoz

Dende o ano 2002, e ata decembro de 2013, 205.840 recén nados foron revisados dentro do Programa galego para a detección precoz da hipoacusia neonatal, cifra que



representa unha participación de preto do 100% de todos os bebés nados nos hospitais do Sergas e maternidades privadas.

Deles, 1.377 necesitaron ser derivados ás unidades de diagnóstico para realizarlles probas complementarias. En total, 196 nenos foron diagnosticados con hipoacusia, polo que a taxa de detección no período 2012-2013 é de aproximadamente un por cada mil nenos cribados.

O momento máis eficaz da detección das deficiencias auditivas é antes das 48 horas de vida do recién nado. Por este motivo, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública procura realizar este diagnóstico precoz co fin de evitar as secuelas comunicativas, psicolóxicas e sociolóxicas da xordeira.

Tras a realización da proba de cribado, os pequenos que non a superan satisfactoriamente –ben pola presenza de hipoacusia ou a outros factores temporais como a inmadurez do sistema auditivo do recém nado- son derivados ás unidades de diagnóstico e tratamento dos hospitais da rede pública de Galicia a fin de confirmar ou descartar a xordeira. Tras o diagnóstico definitivo, e antes dos seis meses de idade, os nenos deben iniciar un tratamento ben médico cirúrxico ou de rehabilitación protésica e foniátrica axeitada segundo cada caso individual, a fin de conseguir o máximo beneficio da detección precoz.

A xordeira é un problema de especial importancia durante a infancia, xa que o desenvolvemento intelectual e social do neonato están intimamente unidos á información que chega ao seu cerebro a través do oído. A ausencia do estímulo auditivo durante os tres primeiros anos de vida ten efectos adversos sobre o desenvolvemento do sistema nervioso central, dificulta a aprendizaxe da linguaxe e impide a aparición da fala, provocando alteracións posteriores no desenvolvemento social, emocional, cognitivo e académico do rapaz.

Estas consecuencias pódense minimizar mediante a intervención temperá a través da aplicación dun tratamento médico-cirúrxico e a rehabilitación protésica e foniátrica axeitada segundo cada caso.

Por este motivo, o programa acolle nenos ata que cumpran os 4 anos de idade, xa que o proceso de rehabilitación mediante prótese e tratamento logopédico pode aproveitar a plasticidade do cerebro para o desenvolvemento dos sistemas sensoriais no lactante permitindo unha integración social satisfactoria.



A XUNTA DESTINA PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS AOS SERVIZOS DE ATENCIÓN SANITARIA DOS CONCELLOS QUE CONTAN CON UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS

- ***Con este obxectivo, o Consello autorizou a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Sergas e a Fegamp***
- ***As axudas inclúen funcións de prevención, prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, educación para a saúde e a realización de prestacións sociosanitarias***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Trátase dun acordo plurianual 2014-2015 co cal se subvencionarán os servizos de atención sanitaria aos trastornos adictivos de 13 concellos de Galicia que contan con Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD). A Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento destas actividades cun importe total de 3.979.799,92 euros.

O convenio regulará as condicións que rexerán a relación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Fegamp e os concellos que se adhiran para o financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para UAD, atendendo a planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia publicado en 2011.

As axudas inclúen, entre outras, as funcións de prevención, prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde e a realización de prestacións sociosanitarias en coordinación co sistema de servizos sociais.

A forma de pagamento consistirá nun anticipo do 49,6% do importe total do convenio unha vez que os concellos comuniquen a súa adhesión, e o resto do importe ao final da súa vixencia, unha vez que se xustifique a totalidade da actividade realizada.

Tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, e a especificidade técnica que requiren os programas que se van desenvolver e a prioridade de darlles continuidade, non resulta posible promover concorrencia pública,



polo que o réxime destas axudas se encadra no procedemento de concesión directa regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 DESTINARÁ 121 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE TERRESTRE

- ***Suporá melloras nos tempos de resposta, na asistencia e seguridade dos pacientes e no propio equipamento sanitario***
- ***O servizo prestarase mediante 11 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (medicalizadas), 101 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e dúas ambulancias non asistenciais convencionais***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe total de 121.652.000 euros.

Esta contratación, que abarcará os anos comprendidos entre 2015 e 2019 (incluídos), non suporá un incremento de gasto para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. O servizo prestarase mediante 11 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (medicalizadas), 101 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e dúas ambulancias non asistenciais convencionais.

Neste sentido, nos pregos de prescricións técnicas introducíronse modificacións respecto dos pregos vixentes dende abril de 2007 co obxectivo de mellorar a asistencia e a seguridade dos pacientes coa introdución de innovacións técnicas actuais.

Así, no que atinxe aos tempos de resposta, e segundo o plan de optimización da Rede de Transporte Sanitario Urxente (RTSU) levado a cabo nos últimos anos, as bases das ambulancias situaranse nas localidades ou centros sanitarios indicados para cada recurso, optimizando o seu horario de operatividade en función das análises asistenciais da poboación.

Ademais, indícase a obrigatoriedade de dispoñer de vehículos substitutos para acadar unha diminución dos tempos de inoperatividade por causas técnicas das ambulancias medicalizadas. Tamén se recolle como requisito dispoñer de teléfonos tipo *smartphone* -con conexión de datos, xeolocalización e aplicación de mapas- e navegador en todas as ambulancias. Os pregos inclúen, así mesmo, a redistribución do material de incidentes de múltiples vítimas do que dispón a Fundación, de forma que a súa mobilización sexa o máis rápida posible no momento necesario.

No eido dos propios vehículos, continuarase co cambio na identidade corporativa ao color Euroyellow Ral, de alta visibilidade; e establécese unha antigüidade máxima para



os vehículos titulares de tres anos -cinco para os substitutos- e a incorporación de elementos de seguridade activa e pasiva. Tamén deberán ter sistemas de electricidade que permiten manter a seguridade do vehículo e funcionamento adecuado de todo o material electromédico; e melloras no sistema de iluminación interior, incluíndo luces tipo led, de maior eficiencia enerxética.

Segundo o novo concurso, as ambulancias medicalizadas terán que ser tipo caixón –xa que melloran notablemente o espazo de asistencia ao paciente- e nas asistenciais deberase diminuír o mobiliario interior para acadar un menor peso.

Por último, no que se refire ao equipamento sanitario, deberá adaptarse todo o material funxinble de uso sanitario á norma UNE EN 1789; e todo o material deberá ser libre de látex. Así mesmo, os desfibriladores manuais serán achegados pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, co fin de homoxeneizalos e de asegurar modelos da máis alta calidade e a súa compatibilidade cos modelos semiautomáticos para garantir a continuidade asistencial e mellorar a seguridade do paciente.

Recóllense, ademais, nos pregos o aumento de prestacións no respirador de transporte que permita o uso en nenos de ata 5 kg. de peso e a inclusión de bombas de infusión de dobre canle, co fin de garantir a adecuada asistencia nos pacientes máis críticos.



A XUNTA VAI IMPLANTAR EN 2015 UN NOVO PROGRAMA PARA PROMOVER A INSERCIÓN LABORAL DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***Así o recolle un informe presentado no Consello, coincidindo coa celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, o 25 de novembro***
- ***O ano que vén consolidarase o proxecto de intervención do CRI e impulsarase aínda máis a coordinación da Rede Galega de Acollemento***
- ***Actualmente 336 vítimas da violencia de xénero perciben axuda económica da Xunta, xa sexa na súa modalidade periódica, de pagamento único ou indemnización***
- ***Hoxe constitúíuse a Comisión encargada de eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e cooperar na erradicación de todo tipo de discriminación sexual***

O Consello da Xunta informou hoxe de que o vindeiro ano o Goberno galego vai implantar un novo programa para tratar de promover a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero. Así o recolle un informe que o vicepresidente, Alfonso Rueda, presentou ao resto de membros do Goberno, coincidindo coa celebracións do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, o vindeiro 25 de novembro.

O informe recolle outras das liñas de actuación para o 2015 en materia de violencia de xénero, como a optimizacións dos recursos e servizos para a atención ás mulleres, en particular para aquelas que se atopen en situación de especial vulnerabilidade. Así, o ano que vén consolidarase o proxecto de intervención do CRI e vaise impulsar aínda máis a coordinación da Rede Galega de Acollemento, de cara a garantir un acceso inmediato e seguro a esta para calquera muller en situación de violencia en Galicia que precise deste recurso.

Continuarase coas actividades de prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero incidindo especialmente nas accións dirixidas á mocidade, así como coas actividades formativas específicas destinadas a diferentes colectivos profesionais relacionados co tratamento da violencia de xénero e/ou coa trata de seres humanos.

Ademais, trataranse de aproveitar os recursos TIC para poñer en funcionamento novas funcionalidades que permitan, por unha banda, ofrecer información detallada sobre os recursos que teñen á súa disposición as vítimas de violencia de xénero e, por outra, mellorar o seguimento das ordes de protección.

Tamén se van a mellorar as pautas de actuación para a detección, identificación, asistencia e protección das vítimas de trata, favorecendo a coordinación das institucións implicadas nestes procesos e impulsando o apoio e a cooperación da Administración autonómica coas organizacións e entidades con experiencia acreditada en Galicia na asistencia a estas vítimas.



Por último, a través do Observatorio Galego da Violencia de Xénero -órgano encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolven en Galicia- tratarase de mellorar a coordinación dos recursos existentes para a eliminación da violencia de xénero e para a atención ás vítimas.

Máis de 300 vítimas reciben axuda económica

No informe presentado esta mañá no Consello, ademais destas liñas de acción de futuro faise balance das accións cometidas ao longo deste ano 2014 e, entre outros asuntos, destácase que a día de hoxe 336 mulleres vítimas da violencia de xénero están a percibir algún tipo de axuda económica por parte da Xunta, xa sexa na súa modalidade periódica, de pagamento único ou indemnización.

A este respecto é de destacar que Galicia foi pioneira na articulación das axudas económicas para mulleres vítimas de violencia de xénero, xa que ata hai uns meses Galicia era a única Comunidade Autónoma do Estado cunhas axudas directas ás vítimas para posibilitarles a súa independencia económica do agresor e rachar coa situación de violencia.

Como xa ten anunciado o propio vicepresidente da Xunta, estas axudas incrementaranse o vindeiro ano e seguirán a ser unha partida ampliable dentro do orzamentos do Goberno galego de 2015. A última ampliación de crédito neste sentido publicouse o pasado 31 de outubro no DOG e foi de algo máis de 345.000 euros destinados a axudas periódicas.

Importantes avances na loita contra a violencia de xénero

Outro dos aspectos que destaca o informe foron os importantes avances que fixo este ano o Goberno autonómico no desenvolvemento da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, ao constituírse o Consello Galego das Mulleres e o Observatorio Galego da Violencia de xénero, en marzo e maio, respectivamente.

Ademais, en xuño tamén se puxo en marcha o Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero, o CRI, que desenvolve un modelo de atención integral para as vítimas deste tipo de violencia, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico, para evitar duplicidades e racionalizar a xestión.

Hoxe mesmo, 20 de novembro, constituíuse a Comisión Asesora de Publicidade non Sexista -dependente do Observatorio-, que terá como obxecto asesorar e orientar as entidades, asociacións, axentes publicitarios que o requiran, ofrecendo criterios alternativos para eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e incorporar accións



positivas que cooperen á erradicación de todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas.



A XUNTA ESTÁ A EXECUTAR MÁIS DO 60 POR CENTO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA 2013-2016 EN MENOS DE DOUS ANOS

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe o nivel de desenvolvemento desta estratexia así como as actuacións que se implementarán o próximo ano***
- ***Entre as medidas executadas ata o momento, é destacable o aumento das deducións fiscais, que se seguirán incrementando en 2015, o que converte a Galicia na comunidade autónoma con maiores beneficios fiscais do Estado***
- ***A oferta de prazas infantís de 0-3 anos aumentou nun 60 por cento desde 2009, o que significa un incremento de 12 puntos na ratio de atención pública neste eido***
- ***En 2015 porase en marcha o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, que será un referente rexional e pioneiro a nivel estatal, e que estará composto por representantes de administracións e dos axentes económicos e sociais***

A Xunta xa está a executar, en menos de dous anos de vixencia, máis do 60 por cento do Plan de dinamización demográfica 2013-2016, aprobado no Parlamento galego en abril de 2013 e que inclúe 69 medidas articuladas arredor de catro eixos de intervención: sensibilización, impulso socioeconómico, apoio ás familias, e coordinación interdepartamental e transversal.

O Consello da Xunta avaliou hoxe o grao de desenvolvemento desta estratexia, e abordou tamén as medidas máis destacadas que se implementarán de cara ao próximo ano. A loita contra o problema demográfico é unha das prioridades deste Goberno, especialmente tendo en conta que Galicia é na actualidade a segunda comunidade autónoma cun índice de fecundidade máis baixo (1,08) e a segunda cun maior índice de envellecemento.

Na primeira área, na de sensibilización, cabe salientar –entre outras actuacións- a organización do Congreso Internacional de Demografía en 2014, no que participaron varios expertos internacionais, cuxas principais conclusións están en consonancia coas liñas estratéxicas do Plan impulsado polo Goberno galego. Tamén se organizaron outras xornadas e actividades de difusión, así como se elaboraron guías de recursos e apoios á maternidade e para as familias.

Pola súa banda, no impulso socioeconómico, xa se incrementaron as deducións fiscais. En concreto, aumentouse nun 20 por cento (de 300 a 360 euros) a dedución por fillo ás rendas iguais ou inferiores a 22.000 euros. A maiores, aumentouse nun 20 por cento para aqueles residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes ou resultantes de procedementos de fusión e incorporacións.

En canto á área de apoio ás familias, unha das principais liñas estratéxicas foi o establecemento de medidas de conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar. Para



consequilo, nos últimos dous cursos incrementouse a oferta de prazas de escolas infantís da rede pública nun 8 por cento. Nas dúas lexislaturas, este aumento foi do 60 por cento. Grazas a estas cifras, a ratio de atención de escolas infantís financiadas con fondos públicos na poboación de 0-3 anos mellorou en 12 puntos desde o curso 2009/10, ata situarse na actualidade no 30,5 por cento.

Ademais, tamén no eido da conciliación, neste curso xa se aplicou a exención de pagamento nas escolas infantís para o segundo fillo ou filla para as familias con rendas per cápita inferior a 7.500 euros anuais. Tamén se iniciou o proceso de formación das persoas que se encargarán da xestión das casas niño, e incorporouse a flexibilidade do horario laboral e teletraballo no ámbito do persoal da función pública galega.

Outras das medidas de apoio ás familias implementadas destacables foron a incorporación da muller embarazada e de futuros pais adoptivos como colectivos preferentes para as axudas previstas en materia de vivenda; a implantación da aplicación social para as familias numerosas no transporte metropolitano de Galicia; ou a elaboración, que xa está a piques de rematar, da carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.

Pola súa banda, xa na última área –de coordinación interdepartamental e transversalidade- Galicia traballou, e segue traballando en rede, con outras comunidades autónomas coa mesma problemática, a través do Foro de Rexións con Desafíos Demográficos (FREDD). Entre as actuacións realizadas por estas seis comunidades autónomas está: a solicitude dun Pacto de Estado pola demografía, e a inclusión como obxectivo transversal denominado “cambio demográfico” no Acordo de asociación de España 2014-2020 remitido á Comisión Europea.

Nesta liña de traballo, destaca tamén a comparecencia da conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, o próximo luns no Senado, por petición desta cámara. Participará na comisión de entidades locais, onde está constituída a ponencia de estudo para a adopción de medidas en relación co despoboamento do rural en España.

Máis incentivos fiscais

Aínda que o nivel de execución vai sobre o previsto, a Xunta traballará para dar un novo pulo á execución deste plan durante o próximo ano.

Así, hai varias actuacións destacables que se implementarán en 2015. Así, na área de sensibilización porase en marcha o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, de carácter transversal e que contará coa participación de diversos axentes sociais. Será un centro de referencia rexional e pioneiro a nivel estatal.



Na área do impulso socioeconómico, xa se anunciou que as deducións fiscais para as familias con rendas iguais ou inferiores a 22.000 euros pasarán de 360 a 1.200 euros para o segundo fillo; e a 2.400 para o terceiro e sucesivos. Paralelamente incrementarase a prestación económica para familias con menores a cargo que non realicen a declaración do IRPF. Deste xeito, Galicia convértese na comunidade autónoma con maiores beneficios fiscais.

En canto ás medidas de apoio ás familias, cabe destacar que se seguirá ampliando a oferta de prazas públicas, coa creación de 2.000 novas prazas de escolas infantís nos próximos dous anos, o dobre de prazas das que había en época de bonanza económica. O próximo ano tamén está prevista a implantación das primeiras casas niño nas provincias de Lugo e Ourense, como unha medida que fomenta o emprego, así como a conciliación, no medio rural.

Xa no que se refire á última área, en 2015 continuará o traballo no marco do FREDD; solicitarase unha xuntanza cos novos comisarios europeos para conseguir que o cambio demográfico sexa unha prioridade na programa da Unión Europea; e crearase unha rede transfronteiriza co norte de Portugal para a dinamización demográfica.

Día da infancia

Hoxe, 20 de novembro, conmemórase o Día Mundial da Infancia, que recorda a data na que a Asemblea das Nacións Unidas aprobou a Declaración dos dereitos dos nenos en 1989, un documento que inspira todas as actuacións que o Goberno galego desenvolve en favor dos máis pequenos.

O Goberno galego leva a cabo diversas iniciativas a prol da infancia, entre as cales salientan as seguintes: a adhesión á campaña europea "Un de cada cinco" de loita contra a violencia sexual, recentemente oficializada; a liña telefónica de axuda á infancia, gratuíta e atendida por persoal especializado as 24 horas do día; o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), unha ferramenta informática posta en marcha en 2010 para simplificar os trámites e reducir os tempos de intervención ante esta problemática; os programas de acollemento familiar, tanto en familia extensa como allea; ou as iniciativas en materia de reunificación e preservación familiar.

Ademais, actualmente estase elaborando unha Estratexia galega para infancia e adolescencia (EGIA), que busca un enfoque máis integrador de promoción e desenvolvemento dos seus dereitos.



A ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL 2014-2020 PRIORIZARÁ A LOITA CONTRA A POBREZA INFANTIL E A EXCLUSIÓN TERRITORIAL

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta do primeiro borrador desta folla de ruta, que se está a someter ao diálogo e alegacións do sector para acordar un documento definitivo***
- ***Este plan está articulado ao redor de 8 eixos transversais, 8 de carácter sectorial, e inclúe case 300 medidas***
- ***Un dos seus eixos fundamentais será a inserción laboral, para o que se adaptarán as políticas activas ás necesidades específicas deste colectivo***
- ***As medidas propostas foron deseñadas tendo en conta os resultados e indicadores obtidos do anterior Plan galego de inclusión social 2007-2013***
- ***Como actuacións innovadoras, destaca o acondicionamento e reforma das infraestruturas destinadas a atender a este colectivo, ou o establecemento dun pagamento anticipado das axudas de inclusión social no caso de familias con menores***
- ***Ademais, crearase unha bolsa de horas para accións de mediación intercultural co colectivo inmigrante, e introduciranse módulos de motivación e acompañamento nos proxectos de inserción***

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia (EIS) 2014-2020 priorizará, entre outros eixos, a loita contra a pobreza infantil e a redución das consecuencias da exclusión territorial. Así o destaca o primeiro borrador desta folla de ruta, que foi coñecido hoxe polo Consello da Xunta, e que se está sometendo ao diálogo e alegacións do sector, da administración local e de toda a cidadanía co fin de acordar un documento definitivo antes de que remate o ano. Estes obxectivos completaranse cun novo pulo á inserción no mercado laboral e por unha importante aposta pola prevención nos casos de vulnerabilidade.

O borrador da EIS pretende constituír un marco integrado de intervencións para responder de xeito efectivo e coordinado ás situacións persoais e familiares de risco, pobreza e exclusión social, co fin de procurar os apoios necesarios para estas persoas. Para conseguilo, establece 8 prioridades transversais, 8 de carácter sectorial e case 300 medidas. Todas as actuacións están deseñadas tendo en conta a avaliación do anterior Plan galego de inclusión social 2007-2013, de xeito que se pon en valor a experiencia previa e se busca a máxima efectividade.

Os eixos transversais son: prever a pobreza e a exclusión social; loitar contra a pobreza infantil, para o que se establecerán actuacións específicas destinadas a familias en situación de especial vulnerabilidade con menores a cargo; promover a participación das entidades de iniciativa social; consolidar e mellorar os procesos de coordinación; abordar e reducir as consecuencias da exclusión territorial; promover a igualdade entre



homes e mulleres; xerar coñecemento sobre inclusión social; e promover a inclusión dixital das persoas en situación de risco.

En canto ás prioridades sectoriais, establécense as seguintes: fomentar unha intervención de calidade desde os servizos sociais; atender de xeito específico os factores de exclusión social de determinadas persoas ou grupos; garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral; favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo; promover o acceso á educación e á formación; promover a inclusión social e a empregabilidade; favorecer a inclusión social a través da atención e coidado da saúde; e mellorar o acceso á vivenda como aspecto clave na inclusión social.

Cabe destacar, ademais, que o marco temporal da EIS coincide coa vixencia do novo período de programación de fondos da Unión Europea. Ademais, co fin de alcanzar os obxectivos marcados, cada dous anos aprobarase un plan operativo no que se concretarán as actuacións que se van realizar.

Medidas innovadoras

No borrador do Plan propóñense inicialmente máis de 290 medidas, entre as que cabe salientar algunhas polo seu carácter máis novidoso.

Así, a EIS propón acondicionar e reformar, coa axuda do FEDER, as infraestruturas destinadas a servizos de atención de necesidades básicas (comedores sociais, albergues...). Prevé tamén habilitar un procedemento para o pagamento anticipado das Axudas de Inclusión Social, con carácter previo á súa xustificación, nos casos de familias con menores.

Crearase unha bolsa de horas para realización de accións de mediación intercultural co colectivo inmigrante e minorías étnicas nos ámbitos clave como sanidade e vivenda, contando coa colaboración das entidades de iniciativa social.

Ao mesmo tempo, introduciranse nos proxectos de inserción módulos formativos de motivación e acompañamento das persoas e as súas familias para apoiar os procesos de integración social e laboral, e orientarse en materia de consumo para que poidan exercer os seus dereitos e xestionar os recursos de maneira eficiente.

Ademais, o borrador da estratexia inclúe a ampliación a outros centros do dispositivo de intervención individualizada con persoas reclusas, desenvolvido ata agora no centro penitenciario de Teixeiro.

Tamén establecerá mecanismos para abordar a exclusión territorial como, por exemplo, impulsar a creación de redes de cooperación e espazos de dinamización ou mellorar o



acceso aos servizos sociais a través das TIC, promovendo o teletraballo social ou puntos de atención móbiles e flexibles.

Aposta pola inclusión

Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta deste Goberno por apoiar ás persoas en risco de exclusión. Por iso, en 2015 o orzamento destinado á inclusión medrará nun 17,7%, ata os 70 millóns. En concreto, a RISGA contará o próximo ano con 47,7 millóns de euros, un 20 por cento máis en comparación co orzamento inicial de 2014. Cara ao próximo ano, cabe destacar tamén o incremento na orde de contratación de perceptores da RISGA, que se puxo en marcha por primeira vez este ano, que aumenta nun 100% ata os 10 millóns de euros.

Este esforzo orzamentario complementábase con outras actuacións, como o recente inicio da tramitación da estratexia dirixida ao colectivo xitano –que se incorporará á EIS cando estea pechada-; ou as recentes axudas, anunciadas en colaboración con La Caixa, para familias con necesidades básicas.

